

guía de intervención pedagógica

# Einstein-Rosen



## proxecto Fiestra

Financiado pola Deputación de Ourense.

Material educativo elaborado pola Academia Galega do Audiovisual en colaboración co Grupo de Investigación Terceira Xeración da USC para a súa difusión en centros de ensino de Galicia.

Deseño e maquetación: ekinocio  
Ano: 2020

[www.fiestra.gal](http://www.fiestra.gal)

## índice

- 1.** Materias recomendadas para traballar as temáticas e valores da obra *Einstein-Rosen*: **P5**
  - Educación Pimaria
  - Educación Secundaria Obrigaoria
  - 1º de Bacharelato
  - 2º de Bacharelato
  
- 2.** Temas e valores na obra *Einstein-Rosen* **P7**
  
- 3.** Sobre a obra *Einstein-Rosen* **P8**
  
- 4.** Ficha técnica e palmarés *Einstein-Rosen* **P9**
  
- 5.** Actividades: **P11**
  - 5.1. Preguntas e respostas para docentes
    - 5.1.1. Actividades de experiencia, reflexión e acción en común
    - 5.1.2. Preguntas de debate e reflexión por secuencias
  
  - 5.2. Preguntas para alumnas e alumnos **P13**
    - 5.2.1. Actividades de experiencia, reflexión e acción en común
    - 5.2.2. Preguntas de debate e reflexión por secuencias

**recomendacións para antes e despois de ver a obra: [www.fiestra.gal](http://www.fiestra.gal)**

Teo Galiñanes

Ricardo de Barreiro

Óscar Galiñanes

Xúlio Abonjo

# Einstein-Rosen

Un cortometraje de Olga Osorio



MISS MOVIES PRESENTA EINSTEIN-ROSEN CON TEO GALIÑANES, ÓSCAR GALIÑANES, RICARDO DE BARREIRO Y XÚLIO ABONJO CON EL PATROCINIO DEL EXCMO. CONCELLO DA CORUÑA  
 CON LA COLABORACIÓN DE FILAMENTO ILUMINACIÓN, CINEMAR, FACULTAD DE CIENCIAS DE LA COMUNICACIÓN DE LA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, ESCOLA DE IMAXE E SON DE A CORUÑA  
 SONIDO DIRECTO ALBERTO BLANCO POSTPRODUCCIÓN DE SONIDO JORGE G. COLADO MEZCLA DE SONIDO DAVID MARTÍN VESTUARIO TATIANA CORRAL MAQUILLAJE Y PELUQUERÍA SUSANA VEIRA  
 MÚSICA ORIGINAL SERGIO MOURE DE OTEYZA JEFA DE PRODUCCIÓN LETI OCAÑA MONTAJE OLGA OSORIO Y JUAN GALIÑANES  
 DIRECCIÓN DE ARTE BEATRIZ GAYOSO PRIETO DIRECCIÓN DE FOTOGRAFÍA SUSO BELLO (A.E.C.) PRODUCTORES OLGA OSORIO Y JUAN GALIÑANES ESCRITO Y DIRIGIDO POR OLGA OSORIO



## materias recomendadas para traballar as temáticas e valores da obra *Einstein- Rosen*

# 1.

Apta para todos os públicos.  
Recomendada para todos os públicos.




### Nota para todos os ciclos e cursos:

Esta obra é susceptible de ser abordada en calquera das materias escolares xa que, tal e como recolle a LOMCE, «nas diferentes materias que integran o currículo educativo de todos os cursos trabállase de forma transversal: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional».

### EDUCACIÓN PRIMARIA

- |  |   |
|--|---|
|  Ciencias da Natureza |  Lingua Castelá e Literatura |
|  Ciencias Sociais     |  Educación Artística         |

### EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

PRIMEIRO CICLO [1º, 2º e 3º Curso]	SEGUNDO CICLO [4º Curso]
<ul style="list-style-type: none"> <li> Lingua Castelá e Literatura</li> <li> Educación Plástica, Visual e Audiovisual</li> <li> Física e Química</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li> Lingua Castelá e Literatura</li> <li> Educación Plástica, Visual e Audiovisual</li> <li> Física e Química</li> <li> Filosofía</li> <li> Cultura Científica</li> </ul>

### 1º DE BACHARELATO

CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
<ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literatura</li> <li><input type="checkbox"/> Física e Química</li> <li><input type="checkbox"/> Filosofía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literatura</li> <li><input type="checkbox"/> Filosofía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literatura</li> <li><input type="checkbox"/> Filosofía</li> <li><input type="checkbox"/> Cultura Audiovisual</li> </ul>

### 2º DE BACHARELATO

CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
<ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literatura</li> <li><input type="checkbox"/> Física</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literatura</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li><input type="checkbox"/> Lingua Castelá e Literatura</li> <li><input type="checkbox"/> Cultura Audiovisual</li> </ul>
MATERIAS ESPECÍFICAS Imaxe e Son		



## temas e valores na obra *Einstein-Rosen*

# 2.

### TEMAS

---

Cativos  
Compañeirismo  
Anos 80. Verán de 1982  
Nostalxia  
Humor  
Ciencia  
Ciencia ficción  
Física  
Burato de verme  
Viaxes no tempo  
Paradoxas  
Incredulidade  
Irrupción do fantástico no cotián  
Convivencia do real co asombroso

### VALORES

---

Intelectuais  
    Atención  
    Curiosidade  
    Observación  
    Imaxinación  
    Fantasía  
    Argumentación  
Volitivos  
    Perseveranza  
    Recompensa  
Operativos  
    Dilixencia  
    Iniciativa  
Estéticos  
Artísticos  
    Cinematográficos

## sobre a obra *Einstein-Rosen*

# 3.

*Einstein-Rosen* é unha comedia de ciencia ficción de pouco máis de nove minutos de duración que combina a ciencia ficción, o espírito lúdico da infancia e a capacidade de facer convivir o real e o asombroso sen solución de continuidade; capacidade que cun pouco de sorte non perdemos de todo de adultos, como lles ocorre aos dous protagonistas. O título fai referencia a outro dos moitos nomes dos buracos de verme, ao tempo que permite establecer un paralelismo entre os dous científicos e os pequenos protagonistas.

Trátase dunha produción de realización sinxela con catro actores, nunha localización, un par de planos con efectos especiais e unha proposta que descansa sobre todo no traballo actoral e na frescura dos diálogos. A curta está rodada na Coruña, nun barrio proletario do extrarradio que obtivo un premio nacional de arquitectura a finais dos anos 60.

Este é o segundo traballo da autora, que tamén foi directora da curta *ReStart*. *Einstein-Rosen* nace precisamente das conversacións dos fillos da directora, protagonistas da curta, acerca das paradoxas das viaxes temporais prantexados en *ReStart*. A autora recolleu o espírito destas conversas e os caracteres dos seus fillos para dar forma a esta ficción, que no fondo fala sobre as relacións entre irmáns e na forma permitirá a moitos realizar a súa particular viaxe no tempo a modo de nostalxia.





## ficha técnica e palmarés acadado *Einstein-Rosen*

# 4.

### FICHA TÉCNICA

---

**Guión e dirección:** Olga Osorio

**Interpretación:** Teo Galiñanes, Óscar Galiñanes, Xúlio Abonjo e Ricardo de Barreiro

**Dirección de arte:** Beatriz Gayoso Prieto

**Dirección de fotografía:** Suso Bello (AEC)

**Música:** Sergio Moure de Oteyza

**Produción:** Juan Galiñanes e Olga Osorio (*Miss Movies*)

### PALMARÉS

---

- *Best Short. Capital Filmmakers Festival. Lisboa 2019*
- *Best Original Story. Capital Filmmakers Festival. Lisboa 2019*
- *Best Promising Actors Oscar & Teo Galiñanes. Capital Filmmakers Festival. Lisboa 2019*
- *Premio Especial Yelmo. Madrid SciFi Film Festival. Heroes Comic Con 2018*
- *Audience Award. Festival Phare Arles. Francia 2018.*
- *Third Place in Live Action category. EEUU 2018*
- *Audience Award. Arc Film Festival. Alemaña 2018*
- *Mención de Honra Ficción Internacional. Festival de Cine Independiente de Sogamoso FECISO 2018.*
- *Best Science Fiction Short Honorable Mention. Miami International SciFi Film Festival. EEUU 2018.*
- *Audience Award. SuperGeek Film Festival Florida. EEUU 2018.*
- *Prix du court-métrage en compétition par le Jury Jeune, Jeunes Bobines. Festival du Film pour Enfants. Francia 2017 e 2018.*
- *Second Prize Professional Short. Raw Science Film Festival California. EEUU 2018.*
- *Best Short Script Other Worlds Austin. EEUU 2017.*
- *Best Short Film Audience Award Other Worlds Austin. EEUU 2017.*
- *Prix des Écoles. Festival Européen du Film Court de Brest. Francia 2017.*
- *Áncora de Ouro. Best Short Film Curtas Armadiña de Poio 2017*
- *Energee3 Award per il miglior contenuto scientifico-filosofico. Reggio Film Festival. Italia 2017.*

- *Best Short Film for Children. KINOdiseea International Children Film Festival. Romanía 2017.*
- *Audience Award Top Short. SF's Another Hole in the Head Film Festival San Francisco. EEUU 2017.*
- Segundo Premio. Mazarrón Filmica 2017
- *Competition Internationale de Courts Métrages Prix du Public Utopiales. Festival International de Science Fiction Nantes. Francia 2017.*
- Mellor Curtametraxe Rincofest. III Festival de Curtas de Terror SciFi e Fantástico da Rinconada 2017.
- Mellor Actor ex equo Teo Galiñanes e Óscar Galiñanes Rincofest Sevilla 2017.
- Mellor Guión Rincofest Sevilla 2017.
- *Best Short Film 17th ToHorror Film Festival Torino. Italia 2017.*
- Mellor Guión Sanfernancine. Certame de Curtametraxes de San Fernando de Henares 2017.
- *Golden Blaster Best Short Film Juy Award 2017 Golden Blasters, National Irish.*
- Science Fiction Convention Ireland 2017.
- *Silver Blaster Audience Award 2017 Golden Blasters, National Irish Science Fiction.*
- *Convention Irlanda 2017*
- Mellor Curta Galega. 39 Semana Internacional de Cine de Autor de Lugo 2017
- *Best Short Film Escape Velocity Film Festival 2017. Museum of Science Fiction Washington. EEUU 2017.*

## actividades

## preguntas e respostas para docentes

# 5.

# 5.1

### 5.1.1 Actividades de experiencia, reflexión e acción en común

Indicacións: as preguntas 1, 2, 3 e 4 son de resposta aberta. Promover a reflexión e a acción común das alumnas e alumnos.

**1. Que vos pareceu a curtametraxe?**

**2. Pensades que é posible viaxar ao pasado ou ao futuro?**

**3. De que maneira?**

**4. A que momento viaxariades se foran posible as viaxes no tempo? Por que?**

Actividade para rapazas e rapaces de Educación Primaria,

**5. Debuxade en papel a máquina do tempo soñada para vós e expoñede na aula os vosos debuxos.**

Actividade para mozas e mozos de Educación Secundaria e Bacharelato.

**6. Coñeces o xoguete que leva Óscar (o rapaz da camiseta azul) na man ao principio da obra?**



Trátase dun cubo *Rubik*, un quebracabezas que posúe seis cores uniformes, tradicionalmente branco, vermello, azul, laranxa, verde e amarelo. Un mecanismo de eixos permite xirar independentemente, mesturando así as cores. Para resolver o quebracabezas, cada cara debe volver a quedar dunha soa cor.

## 5.1.2 Actividades de debate e reflexión por secuencias

Contemplete atentamente a seguinte secuencia:



Un dos recursos máis utilizados en cine é o plano. A secuencia que acabamos de ver está composta por distintos planos.

### 1. Que é un plano?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: un plano é o espazo que recolle a filmación en relación á figura humana. Segundo a súa dimensión pode chamarse de distintas formas.

### 2. Identifica, coa axuda do/a profesor/a e de Internet, o nome que recibe cada un dos planos da secuencia que acabamos de ver.

- > Plano xeral.
- > Plano enteiro.
- > Plano medio.
- > Primeiro plano.

## preguntas para alumnas e alumnos

# 5.2

### 5.2.1 Actividades de experiencia, reflexión e acción en común

- 1. Que vos pareceu a curtametraxe?**
- 2. Pensades que é posible viaxar ao pasado ou ao futuro?**
- 3. De que maneira?**
- 4. A que momento viaxariades se foran posible as viaxes no tempo? Por que?**

Actividade para rapazas e rapaces de Educación Primaria.

- 5. Debuxade en papel a máquina do tempo soñada para vós e expoñede na aula os vosos debuxos.**

Actividade para mozas e mozos de Educación Secundaria e Bacharelato.

- 6. Coñecedes o xoguete que leva Óscar (o rapaz da camiseta azul) na man ao principio da obra?**



### 5.2.2 Actividades de debate e reflexión por secuencias

Contemplade atentamente a seguinte secuencia:



Un dos recursos máis utilizados en cine é o plano. A secuencia que acabamos de ver está composta por distintos planos.

#### 1. Que é un plano?

**2. Identifica, coa axuda do/a profesor/a e de Internet, o nome que recibe cada un dos planos da secuencia que acabamos de ver.**





Academia  
Galega do  
Audiovisual



DEPUTACIÓN  
OURENSE